Esta liña estratéxica da cobertura a consecución dos obxectivos básicos números 1, 2, 3, 4 e 5 do punto II.

A mellora do entorno dixital propio do Concello de Vigo ten como finalidade obter unha optimización dos recursos dixitais propios, para achegar dunha forma mais eficiente a información aos cidadás e potenciar a imaxe da cidade de Vigo dentro e fora do municipio.

Entre as accións a levar a cabo atópanse:

3.-a) Mellora dos sitios web propios do Concello (web municipal, apps, e xornal dixital). Xestión dos contidos.

O Concello de Vigo conta actualmente dentro do seu ecosistema dixital cos seguintes sitios web: Web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org); Xornal Dixital; App Vigo; Pass Vigo e Vigo Driving ou calquera outra de nova creación.

A mellora do entorno dixital debe partir dunha análise e avaliación dos sitios web propios do Concello de Vigo, así como unha proposta de mellora e recomendacións que permitan a optimización dos recursos co obxecto de chegar de forma mais eficiente aos cidadáns, e dicir acadar unha comunicación mais directa, clara, bidireccional e rápida.

Esta accións incluírá a creación de contidos tanto escrito como audiovisual e dar cobertura de eventos de maneira presencial para sitios web.

### 3.b).- Mellora da imaxe e xestión das redes sociais propias:

Sendo ás accións a seguir as seguintes:

- Creación de novas contas ou perfís institucionais do Concello de Vigo en redes sociais.
- Mellora da xestión, mantemento e subida de información, eventos ou programacións municipais á web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), app “Vigo, xornal e outros sitios web municipais”.
- Creación de contidos tanto escrito como audiovisual audiovisual e cobertura de eventos de maneira presencial para redes sociais.

## **Cuatro.- LIÑA ESTRATÉXICA 4: NOVOS SOPORTES PUBLICITARIOS.**

Esta liña estratéxica da cobertura a consecución dos obxectivos básicos números 3 e 5 do punto II.

Ademais dos soportes convencionais incluídos no contrato vixente para o servizo de “CREACIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DESDE O CONCELLO DE VIGO (expediente 18174-101), foron aparecendo novas formas de utilización de soportes e espazos publicitarios que teñen como obxectivo impactar de forma efectiva na audiencia en un entorno comunicativo cada vez mais saturado.

Son medios e soportes alternativos e creativos, e en ocasión moito mais rendibles que supoñen unha alternativa aos medidos tradicionais cando a información vai destinada a a determinados públicos obxectivos.

Entre estes novos soportes atópanse: O “branded content” e a publicidade exterior.



## Concello de Vigo

### a) “Branded content”:

O “branded content” é un novo soporte cuxo obxectivo final é xerar notoriedade á marca. A función principal é xerar impactos no público obxectivo mediante contidos que transmitan os valores de marca. Este soporte conecta co público apelando as súas emocións utilizando diversas fórmulas narrativas.

### b) Publicidade exterior e outras accións de marketing.

Entre elas atópanse as seguintes:

- Publicidade exterior de gran formato en estadios e pavillóns deportivos, fachadas de edificios públicos e privados, etc.
- Publicidade exterior de pequeno e mediano formato: valos publicitarios, mupis, marqueseñas, rótulos luminosos dixitais,
- Publicidade en movemento: autobuses urbanos e taxis.
- Publicidade en estacións de tren, de autobuses e de metro. Aeroportos nacionais e internacionais.
- Outras accións de marketing (presentacións, roldas de prensa, organización de eventos institucionais)

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(242).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2023. EXPTE. 248919/301.**

Visto o informe xurídico do 14/03/2023 e o informe de fiscalización do 04/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/03/2023, asinado polo xefe de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. O obxecto deste Convenio é a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2023».

I.2. Ata o exercicio de 2017 os programas e actividades de prevención eran obxecto de contratación anual (contratos menores) coas entidades participantes no PLDA. No ano 2018 plantexouse a conveniencia de desenvolver eses programas de prevención de forma máis planificada e cun horizonte

temporal de catro (4) anos través da colaboración con ditas entidades sociais, o que se materializou no Convenio aprobado pola XGL na súa sesión ordinaria do 14.06.2018: «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2018 – 2021» (Exp. nº 154891/301), que foi asinado polas partes o 12.07.2018.

En 2022 aprobouse, só para ese exercicio, un convenio de colaboración con esas mesmas entidades sociais (XGL do 05.05.2022; Exp. nº 232688/301; asinado o 19.05.2022). Para dar continuidade neste ano de 2023 a ese labor de prevención no ámbito das adicións faise necesario tramitar e aprobar un novo convenio.

I.3. Os obxectivos xerais deste Programa de prevención son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución.

I.4. A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas Fichas que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

I.5. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de 106.800€, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA*”).

I.6. O evidente interese social na implementación na nosa cidade dun programa anual de prevención en materia de drogodependencias en estreita colaboración coas entidades sociais mencionadas xustifica o outorgamento dunha subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccetes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmente tales extremos na Memoria xustificativa e no propio Convenio (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 5.2, último pfo.).

I.7. As entidades «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» son ONG que forman parte da “Comisión técnica de prevención” do PLDA, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades e son as que se manifestaron interesadas en colaborar co Concello de Vigo na implementación destas actividades de prevención.

I.8. O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
2. Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30.06.2023. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas





## Concello de Vigo

adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o período 2022 - 2025 <sup>1</sup>.

3. Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarse antes do 1 de novembro de 2023.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes (Vid. Cadro Base Oitava do Convenio).

I.9. Tal como se recolle no propio Convenio, para o caso de que durante a súa vixencia se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollese nunha *Addenda*, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

I.10. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, a Memoria xustificativa, a orde de inicio de expediente da Concelleira de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, próponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS

1 ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 153, do 11.08.2022).

“ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2023».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 106.800€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA*”).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2023»

En Vigo, na Casa do Concello, na data da sinatura electrónica

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35.999.806-E, Presidente da “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA”, CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 8, CP 36201 de Vigo.

D<sup>a</sup> Paula González González, con DNI nº 35.318.058-V, presidente/a da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», con NIF G-27802818 e domicilio social na rúa Marín nº 1 (CP 36209).

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación de “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.



**Concello de Vigo**

## INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 22.02.2022, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Paula González González, en nome e representación da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», segundo resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación de “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira – Delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/as comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesarias para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

## EXPOÑEN

I. Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, o Concello de Vigo pode promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da L.7/1985; LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas*,

*rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

II. A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

III. A PREVENCIÓN do consumo de drogas é o ámbito clave sobre o que se apoia a «Estratexia Nacional sobre Drogas», así como o «Plan de Trastornos Adictivos de Galicia». Considérase que a prevención é a ferramenta básica para evitar ou retrasar o inicio no consumo de drogas. A nivel xeral, os OBXECTIVOS fundamentais da PREVENCIÓN son:

- 1) Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas.
- 2) Potenciar o desenvolvemento integral das persoas.
- 3) Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento diante da oferta de drogas.
- 4) Reducir a idade de inicio no consumo de drogas.
- 5) Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.

Recoñécense tres NIVEIS DE ACTUACIÓN a nivel preventivo:

- a) *Prevención universal*, que comprende accións dirixidas á poboación xeral independentemente do nivel de risco ó que estea sometida.
- b) *Prevención selectiva*, que abrangue as actuacións destinadas a unha poboación en situación de vulnerabilidade ou risco.
- c) *Prevención indicada*, dirixida de forma específica ás persoas que están sometidas a situacións de alto risco en relación co consumo de drogas ou que xa experimentaron con elas e presentan condutas problemáticas asociadas ó abuso das mesmas.

IV. A drogodependencia é un fenómeno social moi complexo, tendo en conta a diversidade de factores que inciden nel así como a gran cantidade de grupos de poboación que se ven afectados polo mesmo. Os programas e actuacións preventivas deben ter en conta unha serie de contextos ou elementos que son fundamentais para obter os mellores resultados. Desde esta perspectiva, é necesario facer fincapé na prevención en diferentes ÁMBITOS: escolar, familiar, xuvenil (lecer e tempo libre), laboral e comunitario.

V. O Concello de Vigo presta servizos sociosanitarios desde hai máis de 35 anos ás persoas drogodependentes a través da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e da Unidade de Día (UD) do “Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias” - CEDRO, desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social (promoción e reinserción social das persoas usuarias).



## Concello de Vigo

Conta tamén cun «Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións» (PLDA) no que se propoñen os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local. No ámbito da PREVENCIÓN e ó abeiro do PLDA leváronse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Campañas de sensibilización e información dirixidas á poboación xeral e ás familias sobre os riscos asociados ó consumo de substancias e outras condutas adictivas.
- Proxectos de prevención no ámbito educativo.
- Proxectos de prevención nos lugares de consumo de substancias ilegais e alcohol.
- Implicación dos axentes sociais en actividades de prevención laboral.
- Posta en marcha dun sistema de atención, información e asesoramento persoal a nivel comunitario.
- Desenvolvemento de accións formativas dirixidas a colectivos específicos en risco.

VI. O que se quere implementar agora pola Área de Benestar social - CEDRO, de forma planificada para o exercicio de 2023, son os diversos Programas de PREVENCIÓN de drogodependencias do PLDA a través da colaboración concertada con entidades sociais participantes no Plan, formalizada nun convenio administrativo.

Todas elas son ONG que forman parte da súa “Comisión técnica de prevención”, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades.

VII. En concreto, as actividades programadas para impartir por parte de «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» durante 2023 serían as seguintes:

### Ámbito Escolar:

- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Non pasa nada, ¿pasa algo?" (prevención selectiva)
- "Odisea" (prevención selectiva)

### Ámbito familiar:

- "Máis que un teito" (prevención universal)

### Ámbito xuvenil:

- "Activa" (prevención universal)

### Ámbito comunitario:

- "Formación de mediadores/as sociais en prevención" (prevención universal)
- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- “Información-sensibilización en clubs deportivos” (prevención universal)

Durante a vixencia do Convenio os anteriores cursos/actividades, que se axustan ós do catálogo da Consellería de Sanidade, poderán ser obxecto de modificación ou substitución por outros/as

semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

VIII. O presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUCTAS ADICTIVAS 2023».

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais deste Programa de PREVENCIÓN son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución. Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta de drogas e ós determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas mesmas mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección fronte ó consumo de drogas, a detección precoz e a abordaxe dos primeiros consumos.

TERCEIRA.- A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas FICHAS que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

CUARTA.- As entidades sociais colaboradoras comprométense a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas en PREVENCIÓN de drogodependencias. Poderán contratar a cantas persoas crean adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais aplicables.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de PREVENCIÓN que leven a cabo. A achega municipal será de 106.800€ e poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“Convenio Entidades PLDA”) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación.



## Concello de Vigo

SEXTA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio. O persoal adscrito polas entidades participantes á súa execución en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral con esta Administración.

SÉTIMA.- Para o caso de que durante a vixencia do Convenio se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollese nunha *Addenda*, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

4. O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
5. Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30.06.2023. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o período 2022 - 2025 <sup>1</sup>.
6. Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarse antes do 1 de novembro de 2023.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes. Deste xeito, as cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

ENTIDADE	PROGRAMA	N.º OBRADOI-ROS ESTIMADOS	CUSTO UNITARIO	IMPORTE TOTAL	ENTIDADE 50%
AMAINA-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-2º ESO”	78	300€	23.400€	AMAINA-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE
	“ACTIVA”	1	900€	900€	
				<b>24.300€</b>	<b>12.150€</b>
ÉRGUETE-ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-6º EDUCACIÓN PRIMARIA”	50	300€	15.000€	ÉRGUETE-ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS
	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-1º ESO”	35	300€	10.500€	

1 ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 153, do 11.08.2022).

	“MÁIS QUE UN TEI-TO”	30	125€	3.750€	
	“FORMACIÓN DE MEDIADORES SOCIAIS EN PREVENCIÓN”	5	900€	4.500€	
	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN EN CLUBES DEPORTIVOS”	30	125€	3.750€	
				<b>37.500€</b>	<b>18.750€</b>
<b>ALBORADA-ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA</b>	“NON PASA NADA, PASA ALGO?”-3º ESO”	60	300 €	18.000€	<b>ALBORADA-ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA</b>
	“NON PASA NADA, PASA ALGO?”-4º ESO”	55	300 €	16.500€	
	“ODISEA”	35	300 €	10.500€	
				<b>45.000€</b>	<b>22.500€</b>
<b>IMPORTE ANUAL CONVENIO</b>				<b>106.800€</b>	<b>(50%) 53.400€</b>

NOVENA.- De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que as entidades presenten previamente unha declaración responsable de non están incursas en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

DÉCIMA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, as beneficiarias deberán comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o custo total das actividades subvencionadas resultase ser menor que o contemplado para a concesión das subvencións ou se reducisen na execución das actividades subvencionadas as actuacións ou elementos previstos como integrantes das mesmas, procederá a





## Concello de Vigo

redución das subvencións na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- As entidades están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas (Art. 14.2 LPACAP) e deberán presentar a través da sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>), por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela, unha Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, que incluírá a relación detallada das actividades impartidas por cada unha delas, debidamente asinada pola persoa responsable do Centro nas que se realizaron, segundo o modelo que se lles facilitará.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo do anterior, a axeitada xustificación das subvencións, a realización das actividades subvencionadas e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada sempre polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social (CEDRO-PLDA). O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida as actividades subvencionadas.

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento das subvencións, as beneficiarias deberán acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedoras por resolución de procedencia de reintegro, o que poderán realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- As beneficiarias deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa das actividades subvencionadas, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro das subvencións na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso das subvencións sobre o custo da sactividades subvencionadas.

DÉCIMO OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes e surtirá efectos desde o 01.01.2023. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h] e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será dun (1) ano.

DÉCIMO NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

VIXÉSIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal

requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, créase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do convenio. Estará composta por un representante de cada entidade social e un número igual de técnicos municipais da Área de Benestar Social – CEDRO e presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área. Establecerá de común acordo as súas normas de funcionamento e corresponderánlle, entre outras, as seguintes funcións:

- 1) Velar polo correcto desenvolvemento do programa de prevención e as necesidades que poidan xurdir na implementación do mesmo.
- 2) Avaliar o cumprimento dos obxectivos propostos e, en xeral, da colaboración establecida.
- 3) Resolver as cuestións e controversias que poidan xurdir na execución do convenio.

Sen prexuízo da intervención previa desa Comisión mixta de Seguimento, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Para o caso de que as entidades participantes realicen algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberán dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e da Consellería de Sanidade.

VIXÉSIMO CUARTA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades beneficiarias e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.



## Concello de Vigo

A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo).

Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMO QUINTA.- A concesión das subvencións obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por cuadriplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

### **5(243).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE EN MATERIA DE PROGRAMACIÓN, ASESORAMENTO E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS E ASISTENCIA A USUARIOS. EXPTE. 9901/113.**

Visto o informe de fiscalización do 10/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 05/04/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9901-113)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación,

asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9901-113)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 2 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de soporte en materia de: asesoramento, desenvolvemento de proxectos, análise, programación e asistencia a usuarios, no que constan:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 01/07/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 02/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 23/01/2023 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria económica do contrato de data 13/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 13/01/2023, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 24/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*

*- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13/01/2023.*

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 600.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 104.132,23 €, dende o 1 de Maio de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxec to	base	ive	total
2023	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207 2270603	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207 2270603	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €



## Concello de Vigo

2025	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207 2270603	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €
------	----------------------------------	--------------	--------------	-------------	--------------

*TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 29 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 de marzo de 2023 e 21 de marzo de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960) o procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9901-113) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 600.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 104.132,22 euros.
- b) Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I-FEC. Do PCAP:

<b>Prezo unitario perfil / hora</b>	<b>%</b>
Xefe proxecto	20,10%
Analista A	25,10%
Analista B	25,10%
Técnico sistemas/seguridade	25,10%
Programador A	4,10%
Programador B	4,10%
Deseño gráfico Web	4,10%
Operador	25,10%



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(244).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCEDIMENTO PARA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO. EXPTE. 10018/113.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/04/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10018-113) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10018-113) (PCAP)

### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** O 2 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación do subministro de diverso material consumible informático, os pregos

de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de febreiro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 20 de mesmo mes.

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 procedeu á apertura do sobre único (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) e adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“Por outro lado, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, excluír da presente licitación a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. por non axustarse a súa proposición ao modelo de oferta do PCAP tal e como establece a cláusula 14.2 do PCAP e o artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. En concreto, os puntos 3, 4 e 5 do devandito modelo din o seguinte:*

*“3.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo I do punto 4 do PPTP un ....(nº) %.*

*4.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo II do punto 4 do PPTP un ....(nº) %.*

*5.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo III do punto 4 do PPTP ....(nº) %.”*

*A licitadora, en lugar dunha porcentaxe a aplicar por Grupo, inclúe tres táboas nas que propón unha porcentaxe por cada un dos elementos que conforman cada un dos grupos, apartándose así, como se indica máis arriba, do modelo de oferta e no sendo posible, en consecuencia, a súa valoración.”*

**Terceiro.-** O 27 de febreiro de 2022, D<sup>a</sup>. Belén Pérez Camiña, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L., formulou escrito de alegacións (escrito con Código de solicitude W871795-1134) contra o acordo de exclusión adoptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do 23 de febreiro de 2023, no que expón o seguinte: *“No estamos de acordo con la exclusión de nuestra oferta, puesto que, con los datos aportados en la oferta económica se puede calcular el porcentaje de reducción para cada Grupo. En la comunicación recibida por parte de la Mesa de Contratación exponen que la oferta no se ajusta al modelo de oferta del PCAP y que no es posible su valoración, pero sí con los datos aportados en la oferta que presentamos se puede calcular el porcentaje de reducción a aplicar a cada Grupo”*. A continuación proceder a realizar os cálculos necesarios para acadar a porcentaxe de redución única por grupo de subministros.

**Cuarto.-** Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 16 de marzo de 2023 deuse audiencia aos outros licitadores presentados a este procedemento. Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**





**Concello de Vigo**

**-I-**

### **Obxecto do recurso de alzada**

É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 23 de febreiro de 2023, polo que se exclúe a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. deste procedemento.

**-II-**

### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior xerárquico (a Xunta de Goberno local), procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na súa suposta anulabilidade.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC).

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinala para os efectos de notificacións
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 23 de febreiro de 2023 e se notificou ao interesado o 24 do mesmo mes, a interposición do recurso de alzada o 27 de febreiro realizouse en prazo.



## Concello de Vigo

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.

### -III-

#### **Tramitación do recurso**

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, deuse audiencia aos outros licitadores presentados a este procedemento, FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U., OTEMAR 2020, S.L.L., TEDITRONIC, S.L. e VASCO INFORMÁTICA, S.L. mediante escrito enviado o 16 de marzo de 2023, para que puidesen alegar o que estimaran pertinente.

Durante o prazo concedido, ningún dos anteriores licitadores presentou documentación algunha relativa ao recurso presentado por SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L..

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso dealzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

### -IV-

#### **Motivos de impugnación da resolución recorrida**

A recorrente admite tacitamente non haberse axustado ao modelo de oferta a través do escrito de alegacións de data 27 de febreiro de 2023 pero non estar de acordo coa exclusión da súa oferta en contra do criterio da Mesa de Contratación que, na súa sesión do 23 de febreiro de 2023, excluíu a recorrente *“por non axustarse a súa proposición ao modelo de oferta do PCAP tal e como establece a cláusula 14.2 do PCAP e o artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. En concreto, os puntos 3, 4 e 5 do devandito modelo din o seguinte:*

- *“3.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo I do punto 4 do PPTP un ....(nº) %.*
- *4.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo II do punto 4 do PPTP un ....(nº) %.*

• 5.- *Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo III do punto 4 do PPTP ....(nº) %.*

*A licitadora, en lugar dunha porcentaxe a aplicar por Grupo, inclúe tres táboas nas que propón unha porcentaxe por cada un dos elementos que conforman cada un dos grupos, apartándose así, como se indica máis arriba, do modelo de oferta e no sendo posible, en consecuencia, a súa valoración.*

O motivo que aduce é que si que é posible calcular a porcentaxe de redución a aplicar para cada grupo e para demostralo leva a cabo unha serie de operacións aritméticas que dan lugar a porcentaxe global por Grupo de consumibles. Así, por exemplo, no Grupo I, formado por dous consumibles (tarxeta de vídeo NVIDIA 8GB compatible Ubuntu 22.04 e BOOX Note Air2 10,3" E-Book Tablet Android 11 64 ou Similar) para os que oferta un 30 % e un 10 % de desconto, respectivamente, trala realización das correspondentes operacións, obtén un 24,66 % de desconto único para todo o grupo, considerando así, a súa oferta, axustada ao modelo establecido no PCAP. Non obstante, o que reflexa esta consideración é que, claramente, no momento da execución do contrato e de subministrar os consumibles, non sería o mesmo aplicar un 30 % de desconto á tarxeta de vídeo mencionada, que un 24,66 %. Do anterior dedúcese que a aclaración presentada pola recorrente no seu escrito de alegacións non supón una mera corrección dun erro material senón que supón unha nova oferta prohibida pola normativa de contratos do sector público.

Os pregos, lei do contrato ex artigo 139.1 LCSP, que vinculan tanto ao órgano de contratación como aos licitadores concorrentes, pedían, no modelo de oferta, unha porcentaxe de desconto para os grupos I, II e III do punto 4 do PPTP, cuestión que a licitadora alega que foi malentendida polo que presentou, a diferenza do resto de licitadores que ofertaron unha única porcentaxe por grupo, unha porcentaxe por cada consumible incluído nos tres grupos, quedando claro, polo exposto no parágrafo anterior que non é posible emendar cunha mera operación aritmética. Isto se reforza por tratarse dun procedemento cuxo obxecto é un subministro dunha pluralidade de consumibles informáticos de forma sucesiva segundo necesidades o que implica que non existe obriga por parte da Administración nin de solicitar o subministro dun número determinado de elementos nin de executar o total do orzamento do contrato. Asemade, dispón o artigo 84 RLCAP que *“Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento basee de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada. Pola contra, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal que únoo ou a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición.”*

Neste senso, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais na súa resolución de 14 de agosto de 2019, sinala que como ten reiterado en numerosas ocasións, *“a aclaración non pode supoñer unha modificación dos termos da oferta, e iso co fin de non propiciar un trato de favor ao interesado en detrimento dos demais licitadores (...)*. Tamén, a resolución deste mesmo Tribunal nº 723/2020 indica que *“A corrección de erros ou omisións na documentación relativa á oferta, só é posible cando non implique a posibilidade de que se modifique a proposición despois de ser presentada. Na citada Resolución, facíase referencia á sentenza do 29 de marzo de 2012 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que, entre outras cuestións, admitía que ‘excepcionalmente, os datos relativos á oferta poidan corrixirse ou completarse de maneira puntual, principalmente porque sexa evidente que requiren unha mera*



## **Concello de Vigo**

*aclaración ou para emendar erros materiais manifestos, a condición de que esa modificación non equivalla a propoñer, en realidade, unha nova oferta."*

**-V-**  
**Acordo**

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido (artigo 121.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*"1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 27 de febreiro de 2022 por D<sup>a</sup>. Belén Pérez Camiña, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L., no procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10018-113).*

*2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(245).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CORUXO C.F. EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO XERAL NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22439/333.**

Visto o informe xurídico do 22/03/2023 e o informe de fiscalización do 05/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/03/2023, asinado polo técnico de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 140.000,00€ prevista na partida orzamentaria 34104890017 a favor da entidade CORUXO F.C. polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



## Concello de Vigo

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CORUXO F.C. conta cun equipo de elite na modalidade de FÚTBOL na categoría 2ª RFEF. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ª RFEF hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CORUXO F.C. e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de

Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CORUXO F.C. para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 34104890017 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de





## Concello de Vigo

subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CORUXO F.C. durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CORUXO F.C. para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 140.000,00€ a favor da entidade CORUXO F.C. co CIF: G36708212 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22439-333. Este crédito é con cargo á partida 34104890017do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO F.C. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22439-333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Gustavo Falque Comesaña con DNI 36020515P, como presidente da entidade CORUXO F.C. CIF: G36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao S/N (CP 36330), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22439-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CORUXO F.C. durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría 2ª RFEF desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CORUXO F.C. desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.



## Concello de Vigo

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CORUXO F.C. impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do FÚTBOL en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 34104890017 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 140.000,00€, a favor da entidade deportiva CORUXO F.C..

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CORUXO F.C. na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- Que a entidade CORUXO F.C. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22439-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CORUXO F.C. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

**Primeiro.-** A entidade CORUXO F.C. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de FÚTBOL na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.



## Concello de Vigo

- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CORUXO F.C. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CORUXO F.C. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CORUXO F.C. unha subvención por importe de 140000€ con cargo á partida orzamentaria 34104890017 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso

de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe



## Concello de Vigo

da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará

desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018,





## Concello de Vigo

do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **8(246).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 22448/333.**

Visto o informe xurídico do 31/03/2023 e o informe de fiscalización do 03/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3410.2260902 "Adquisición de medallas e trofeos".

2.- Con data 18/01/2023, de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do calendario de eventos deportivos de Vigo.

3.- Con data 16/02/2023, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase o prego de prescricións técnicas da contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do calendario de eventos deportivos de Vigo.

4.- Con data 16/02/2023, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do calendario de eventos deportivos de Vigo.



## Concello de Vigo

### **2.- Condicións definitivas do contrato:**

#### **a.- Obxecto e natureza do contrato:**

O obxecto do presente contrato é o subministro de medallas e trofeos destinados á promoción e fomento da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na cidade de Vigo.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente o subministro de medallas e trofeos destinados á promoción e fomento da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na cidade de Vigo.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de Subministro, previsto no artigo 16 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato xa que determínase que a realización independente ou por lotes dificultaría a execución do mesmo dende o punto de vista técnico xa que trátase de produtos similares que se entregarán segundo as necesidades, en pedidos independentes que incluírán en moitos dos casos diferentes tipoloxías, tamaños e unidades dos diferentes tipos de medallas e trofeos. A división por lotes obrigaría a duplicar en cada caso o procedemento, complicando de forma extraordinaria a coordinación das entregas segundo as necesidades puntuais.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

#### **b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

#### **c.- Orzamento base de licitación:**

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe máximo para a totalidade do contrato, ao tratarse dun contrato segundo necesidades, estímase en 71.507,85 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 15.016,65 € o cal totaliza un importe de 86.524,50 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos servizos obxecto deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos por unidade.

Para a determinación do orzamento base de licitación, tómanse como referencia os custos medios de necesidades baseadas en subministros similares nos derradeiros anos na concellería de deportes do Concello de Vigo, sendo adecuado para o cumprimento do contrato.

O presente contrato será calculado en base á referencia dos prezos unitarios, segundo os conceptos desglosados, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 71.507,85 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 15.016,65 € o cal totaliza un importe de 86.524,50 € con IVE (21%).

O importe máximo para a totalidade do contrato estímase en 71.507,85 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 15.016,65 € o cal totaliza un importe de 86.524,50 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2023	47.671,90 €	10.011,10 €	57.683,00 €
2024	23.835,95 €	5.005,55 €	28.841,50 €
Totais	71.507,85 €	15.016,65 €	86.524,50 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	2260902	Adquisición de medallas e trofeos
------	---------	-----------------------------------

O valor estimado do contrato establécese en 214.523,55€.

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución de contratos anteriores.

#### **d.- Revisión de prezos.**

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

#### **e.- Réxime de pagamento:**

O pagamento efectuarase unicamente polos subministros efectivamente entregados e de acordo aos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario, previa presentación e conformidade da factura por parte do responsable do contrato. As facturas realizaranse en función do material servido, non do solicitado.

#### **f.- Clasificación contratistas**

Non procede.

#### **g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:**

- Solvencia económica e financeira:



## Concello de Vigo

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.A das FEC se determinen outros distintos:

- Acreditarase como segue: Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior ao 70% do valor estimado do contrato.

➤ **Para as empresas de nova creación:** as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) poderán acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nas no apartado 8.8.3ª do PCAP.

### - Solvencia técnica e profesional:

Agás que no apartado 5.B das FEC se determine outro distinto, acreditarase a través do seguinte medio:

- Unha relación dos principais subministros, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato.

**Para as empresas de nova creación:** as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) poderán acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nas no apartado 8.8.3ª do PCAP.

### Xustificación solvencia:

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitar o volume anual de negocios e unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza ao obxecto do contrato, son condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

### h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.1 da LCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

h.1.1. Plan de organización e execución do servizo; explícase como se vai valorar ata 30 puntos.

- Proposta de organización loxística dos pedidos.
- Proposta de seguimento dos pedidos por fases.
- Método e proceso de seguimento estatístico sobre os pedidos.
- Proposta de características técnicas dos artigos.

h.1.2. Memoria de organización de entrega dos artigos descritos no PPT; explícase como se vai valorar ata 10 puntos.

- Procedemento de organización da entrega dos artigos.
- Procedemento de control e seguimento das entregas e control de incidencias.
- Fichas/Albaranes de entrega.
- Método e proceso de seguimento estatístico sobre as entregas.

h.2.- Avaliables mediante fórmula:

- Porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no PPT: Valorarase con ata 55 puntos.
- Redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPT: valorarase con ata 15 puntos. A redución dos prazos máximos de entrega será expresado en días enteiros. A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

a.- MEDALLA CON PERSONALIZACION INDIVIDUAL (55 mm diámetro):

- Redución do prazo ordinario: valorarase con ata 2,5 puntos
- Redución do prazo urxente: valorarase con ata 2,5 puntos

b.- MEDALLA DE CALIDADE CON PERSONALIZACION INDIVIDUAL (65 mm diámetro):

- Redución do prazo ordinario: valorarase con ata 2,5 puntos
- Redución do prazo urxente: valorarase con ata 2,5 puntos

c.- MEDALLA ESPECIAL FUNDICIÓN DE CALIDADE PARA PROBAS DETERMINADAS: (65 diámetro).

- Redución do prazo ordinario: valorarase con ata 2,5 puntos
- Redución do prazo urxente: valorarase con ata 2,5 puntos

**i.- Subcontratación.**

Admítese nos termos previstos no artigo 215 do LCSP. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

**j.- Prazo de garantía:**

Non procede pola propia natureza das prestacións.

**k.- Garantía provisional e definitiva:**

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (excluído o iva).

**l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.**

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de 1 ano, establecéndose dous prórrogas dun ano de duración cada unha.

**m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.**

Non se prevé.

**n.- Modificación do contrato.**

Non se prevé.

**o.-Seguro:**



## Concello de Vigo

Non se prevé.

### 3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do o subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 16 de febreiro de 2023.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración Xeral e a xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo con data 27 de marzo de 2023.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **71.507,85€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **15.016,65 €** o cal totaliza un importe de **86.524,50 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2023	47.671,90 €	10.011,10 €	57.683,00 €
2024	23.835,95 €	5.005,55 €	28.841,50 €
Totais	71.507,85 €	15.016,65 €	86.524,50 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	2260902	Adquisición de medallas e trofeos
------	---------	-----------------------------------

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(247).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA MUNICIPAL Á CONTRATACIÓN 2021 CONCEDIDA Á EMPRESA BLÁZQUEZ ASTORGA SLP. EXPTE. 19921/77.**

Visto o informe de fiscalización do 03/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021.

**ANTECEDENTES**

Con data do 21.07.2021 e documento co núm. de rexistro 210131342 a entidade Blazquez Astorga SLP co NIF B2767342 presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2021 pola transformación a indefinido do contrato formalizado coa traballadora MIRN e co traballador PNG.

Con data do 13.09.2021 e documento co núm. de rexistro 210185921 a entidade Blazquez Astorga SLP co NIF B2767342 achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude de subvención do Programa Indefinidos (expte. 18333/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 29.10.2021, acordou outorgarlle unha axuda por importe de 5.000,00€ (correspondendo 3.000,00€ pola traballadora MIRN e 2.000,00€ polo traballador PNG).

Con data do 29.10.2021 e rexistro de saída número 79739-2021-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 12.11.2021 e documento co núm. de rexistro 210229023 a entidade Blazquez Astorga SLP co NIF B2767342 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 18794/77 de xustificación e pago da axuda.





## Concello de Vigo

Con data do 22/02/2022 e documento 220039583 a beneficiaria presenta oferta de emprego para seleccionar unha traballadora substituta ante o próximo cese da traballadora MIRN pola que se lle concedeu a axuda.

Con data do 10.03.2022 e documento 2200510049 a beneficiaria presenta a documentación requirida para a substitución da traballadora MIRN pola traballadora PMP de conformidade coa base a.7.

Con data 12.11.2022 e documento co núm. de rexistro 220279247, Blazquez Astorga SLP co NIF B2767342 comunica *“que se ha obtenido otra subvención por el mismo contrato y misma trabajadora, incompatible con esta ayuda. Es por ello, que renunciamos a esta subvención (en referencia al importe concedido por esta trabajadora)”*.

A Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022 resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento parcial da subvención concedida a Blazquez Astorga SLP co NIF B2767342 dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021 (expte. 19921/77).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021, expediente 18280/77, establecen:

- Na base 2ª, apartado a.4. *Obrigas:*

- no apartado a.4.2.: *“Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*

- Na base 2ª, apartado a.7 *Alteración das condicións de concesión:* *“Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.*

*No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil similar ou equivalente, por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.*

*No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle concedeu a axuda, ou procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.”*

- na Base 5ª, apartado a) *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro:* *“(…) No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro*

da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

—  
O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.”

- na Base 5ª, apartado b) Renuncia: “A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.”

#### - Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 19921/77, asinada pola Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego de data do 22.02.2023, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 29.10.2021 a prol de Blazquez Astorga SLP co NIF B2767342, en concepto de Axuda Municipal á Contratación 2021.

Mediante notificación asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data do 27.02.2023, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 28.02.2023 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.



## Concello de Vigo

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 19921/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 18333/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 18794/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas bases reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que

–a empresa solicitou unha axuda pola transformación a indefinido na data do 07/03/2021 do contrato da traballadora MIRN e pola transformación a indefinido na data do 16/04/2022 do contrato do traballador PNG.

–a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada de 5.000,00€ (3.000,00€ pola transformación do contrato a indefinido da traballadora MIRN e de 2.000,00€ pola transformación do contrato a indefinido do traballador PNG) polo que se procedeu ao seu pago na data do 07.12.2021.

–de conformidade coa base a.4.2 a empresa comunica a baixa da traballadora MIRN con data do 24/02/2022 e, conforme á base 1.7, procede a súa substitución pola traballadora PMP, segundo informa a empresa no documento 2200510049.

–No documento 220279247 de data do 12.11.2022 a beneficiaria presenta renuncia ao importe da axuda correspondente á traballadora pola súa incompatibilidade con outra axuda concedida pola mesma contratación.

Xa que logo, conforme á base 5ª a) e b), resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de 3.000,00€ á entidade Blazquez Astorga SLP co NIF B2767342 e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	07/12/2021	Importe para o cálculo:	<b>3.000,00 €</b>
Data fin do cálculo:	30/03/2023	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
08/12/2021	16/09/2022	389	3,75	3.000,00	119,89
31/12/2022	30/03/2023	89	4,06	3.000,00	29,71
				<b>Importe total</b>	<b>3.149,60 €</b>

A contía do reintegro corresponde á cantidade outorgada pola transformación da modalidade do contrato a indefinido da traballadora MIRN posteriormente substituída por PMP e pola que a beneficiaria presenta a súa renuncia.

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de **3.000,00€**, outorgada á empresa Blazquez Astorga SLP (B2767342) mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.12.2021, e **149,60€** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 19921/77), correspondente á renuncia da axuda dunha das traballadoras por incompatibilidade con outra axuda concedida para a mesma traballadora.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.



## Concello de Vigo

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de construximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

—

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(248).- REINTEGRO TOTAL DA AXUDA MUNICIPAL Á CONTRATACIÓN 2022 CONCEDIDA Á EMPRESA COLCHONERÍA MARCO SL. EXPTE. 19923/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 04/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022.

#### **ANTECEDENTES**

Con data do 27.04.2022 e documento co núm. de rexistro 220082582 a entidade Colchonería Marco SL co NIF B36618171 presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2022. No documento co núm. de rexistro 220293947 do 28.11.2022 completa a documentación necesaria requirida para a solicitude do Programa Contratacións.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 22.12.2022, acordou outorgarlle unha axuda por importe de 1.600,00 €, segundo consta no expediente 19203/77.

Con data do 22.12.2022 e rexistro de saída número 217453-2022-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 27.12.2022 e documento co núm. de rexistro 220339068 a entidade Colchonería Marco SL co NIF B36618171 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 19845/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data 08.02.2023 e documento co núm. de rexistro 230037102, Colchonería Marco SL co NIF B36618171 comunica "... Que por imponderables no previstos a priori, esta Empresa debe DESISTIR de la ayuda concedida correspondiente al trabajador: D. YAGO COUCEIRO GONZÁLEZ al haber cesado el 06.02.2023 sin que esté prevista su sustitución."

A Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022 resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro total da subvención concedida a Colchonería Marco SL co NIF B36618171 dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022 (expte. 19923/77).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022, expediente 18961/77, establecen:

- Na base 2ª, apartado a.4. Obrigas:

- no apartado a.4.2.: *"Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas."*

- no apartado a.4.5.: *"Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.7."*

- Na base 2ª, apartado a.7 *Alteración das condicións de concesión: "Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.*

*No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil similar ou equivalente, por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.*

*No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle concedeu a axuda, ou procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS."*

- na Base 5ª, apartado a) *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: "O incumprimento por*



## Concello de Vigo

*parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*

*No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.*

*O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.”*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.”*

*- na Base 5ª, apartado b) Renuncia: “A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.”*

### **- Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 19923/77, asinada pola Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego de data do 22.02.2023, ao inicio do procedemento de reintegro total da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 22.12.2022 a prol de Colchonería Marco SL co NIF B36618171, en concepto de Axuda Municipal á Contratación 2022.

Mediante notificación asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data do 24.02.2023, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Con data 15.03.2023 e documento co núm. de rexistro 230067397, Colchonería Marco SL co NIF B36618171 comunica "... *Que no se van a realizar alegaciones a la misma por lo que solicita se proceda a la continuación del trámite.*"

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro total da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 19923/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 19203/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 19845/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas bases reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que

–a empresa solicitou unha axuda pola transformación na data do 16.03.2022 da modalidade de contrato a indefinido do traballador Y. Couceiro González.

–a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 09.01.2023.

–de conformidade coa base a.4.2 a empresa comunica a baixa do traballador con data do 06.02.2023; non obstante, incumpre a base a.7 ao non proceder a cubrir o posto de traballo vacante e, conforme á base 5ª b), formula a correspondente renuncia da axuda concedida.

Xa que logo, conforme á base 5ª b), resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO TOTAL por importe de 1.600,00€ á entidade Colchonería Marco SL co NIF B36618171 e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	09/01/2023	Importe para o cálculo:	<b>1.600,00 €</b>
Data fin do cálculo:	30/03/2023	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
10/01/2023	30/03/2023	80	4,06	1.600,00	14,24
				<b>Importe total</b>	<b>1.614,24€</b>





## Concello de Vigo

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Requirit o reintegro total da subvención por importe de **1.600,00€**, outorgada á empresa Colchonería Marco SL (B36618171) mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 22.12.2022, e **14,24€** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 19923/77), correspondente á renuncia da axuda concedida polo cese da persoa traballadora pola que se lle concedeu a subvención e non prever a súa substitución.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de construximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(249).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DO “CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH 2023”. EXPTE. 19927/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 04/04/23, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e a concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 16/03/2023, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (“METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” correspondente a este ano 2023*, transcrito no Anexo do presente expediente.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” deste ano 2023*.

**Terceiro.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Cuarto.-** Remitir o convenio unha vez asinado á Secretaría do Goberno Local, aos efectos de publicidade.



## Concello de Vigo

II. Con data 27/03/2023, a “Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME” presenta nova Memoria tras detectar que na anterior figuraban de forma errónea as datas nas que se desenvolverán a Feira Internacional das tecnoloxías do Metal. Dacordo a esta nova memoria presentada, as datas de celebración da Feira *METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH*” deste ano 2023 serán os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023 (en lugar dos días 20, 21 e 22 de setembro).

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 109 da LPAC, polo que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos e segundo as instrucións da Sra. Concelleira-Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

**Primeiro:** Corrixir, de conformidade co artigo 109 da LPAC, as datas de celebración reflectidas na proposta de convenio aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/03/2023 da Feira *METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH*” deste ano 2023 que serán os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023.

**Segundo.-** Remitir á Deputación provincial de Pontevedra o presente acordo para a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” deste ano 2023.*

**Terceiro.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Cuarto.-** Remitir o convenio unha vez asinado á Secretaría do Goberno Local, aos efectos de publicidade.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” CORRESPONDENTE AO ANO 2023.**

Na data da sinatura electrónica

## INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

## EXPOÑEN

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), deciden potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

Neste sentido a Lei 7/1985 (LRBRL), artigo 25.2.h) e i) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras, no que interesa ao presente convenio para fomento do emprego por mor do desenvolvemento da terceira Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH” e cunha indubidable repercusión na promoción turística da cidade e das Rías Baixas.

III. Que a cidade de Vigo e a súa contorna, constituíse como unha das principais áreas de desenvolvemento das industrias do metal. Este sector destaca polo seu potencial para o desenvolvemento da nova industria 4.0 para o sector metalúrxico e industrial de Vigo e toda a provincia de Pontevedra.

Segundo o Informe do Sector Metalmeccánico realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), entre as oportunidades para o sector en Galicia destacan: a posibilidade de alianzas estratéxicas, o crecemento das innovacións en tecnoloxías e a súa aplicación nos equipos produtivos e as plataformas de internacionalización cara a mercados exteriores.

O sector industrial e concretamente o sector metalúrxico, metalmeccánico e a súas tecnoloxías asociadas representan máis do 20% del PIB de Galicia, englobando diversas actividades.



## Concello de Vigo

Á vista destes indicadores a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME", CIF G36614774, organiza a terceira Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH", como feira industrial referente no Polo Ibérico que se celebra en Vigo os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023.

IV. Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custos de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e cara a promoción do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

A oportunidade da organización desta terceira Feira Internacional do Metal en Vigo, na cal participarán profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Aparellos; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueis; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estructuras Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimentos; Caldeirería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc., ten unha gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que converte esta Feira nun gran escaparate para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia, a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas do sector do Metal e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

V. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

VI. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos obxectivos estratéxicos a promoción do emprego e o apoio as iniciativas de cualificación turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

### **PACTOS**

#### **PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías

Baixas, no marco da celebración os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023 da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH”, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polo económico e industrial para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

## SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CEN MIL EUROS (100.000,00€), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade conveniada de acordo co proxecto subvencionado achegado pola entidade. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.

1. A Deputación Provincial comprométese a achegar, a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo e Pontevedra).

2. O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 2410 4700005 "FEIRA METAL MINDTECH" do orzamento do Concello de Vigo.

## TERCEIRO. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervinientes terá lugar coa seguinte desagregación:

ANUALIDADE	ENTIDADE	TOTAL
2023	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	45.000,00€
2023	CONCELLO DE VIGO	55.000,00€
<b>TOTAL</b>		<b>100.000,00€</b>



## Concello de Vigo

2º. O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH". Esta sociedade é a entidade organizadora de dita feira, polo que é titular do dereito exclusivo vinculado á organización do evento.

3º. O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguimento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

### **CUARTO. COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH", tendo en conta a condición de entidade organizadora da citada Feira.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se concederon.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial as recollidas no seu artigo 11, e ao establecido no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; e tamén será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

## **QUINTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL euros (45.000,00€) o que supón o 45,00% do custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 (LRXSP), e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.

## **SEXTO. PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal “METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

## **SÉTIMO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.





## Concello de Vigo

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

### **OITAVO.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, establecendo una porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20 %.

A documentación xustificativa a presentar polo beneficiario previa á realización do pago final será a seguinte:

- Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a " Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH";
- memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
- facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo;
- certificación de pagamento a favor da " Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal "METAL INDUSTRY AND TECHNOLOGIES INTERNATIONAL TRADE FAIR, MINDTECH", asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación;
- declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requirida.
- declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.
- declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

## **NOVENO. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propondo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio proponerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

## **DÉCIMO. VIXENCIA**

O convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 20, 21 e 22 de xuño de 2023, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2023.

## **UNDÉCIMO. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º. O acordo unánime dos asinantes.
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolta o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.



## Concello de Vigo

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DUODÉCIMO. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

### **12(250).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2022/2023 OU DO ANO 2023 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 12101/224.**

Visto o informe xurídico do 27/03/2023 e o informe de fiscalización do 05/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/2023, asinado pola xefa de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licenzas femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social ou delegación en Vigo, contén con personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades

como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e das nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que as realizadas por mulleres. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas, limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licenzas femininas e, por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, así como que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 3.b) establece como principio reitor *“o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, volunta-*



## Concello de Vigo

*ria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha”, e no artigo 5.3 dispón que “no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitárase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”.*

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25.2.l) e o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80.2.n) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específicas, destinou 27.000 euros para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse esta cantidade a 45.000 euros e aumentaron as entidades beneficiarias. Así, no ano 2022 foron 79 os clubs vigueses que se beneficiaron desta liña de subvencións.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2023 un crédito máximo de 45.000 euros que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento do Servizo de Igualdade aprobado para o ano 2023.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases reguladoras e a convocatoria destas subvencións teñen por obxecto regular a concesión das axudas e iniciar o procedemento para a dita concesión.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e, asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

En aplicación do que dispoñen os artigos 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención sempre que se estableza de forma expresa nas bases reguladoras, non é necesario acreditar o pagamento dos gastos subvencionados para xustificar a subvención concedida atendendo á escasa contía das axudas que se outorgan nesta convocatoria e a insuficiente capacidade económica da maior parte das entidades que concorren.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e á convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento

administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo aprobadas para o exercicio 2023 e o Plan Estratégico de Subvencións do Concello de Vigo 2021-2023; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, cos seus correspondentes anexos, que se incorporan ao expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións en base ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

**TERCEIRO:** Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros), que se imputará á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento do Servizo de Igualdade aprobado para o ano 2023, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.”

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2022/2023 OU DO ANO 2023 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPEDIENTE 12101/224

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.



## Concello de Vigo

Porén, o acceso e a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e das nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes, en termos porcentuais, en Galicia e en España. Isto avala que non se trata dunha situación puntual ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que as realizadas por mulleres. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas, limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licenzas femininas e, por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, así como que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 3.b) establece como principio reitor *“o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha”*, e no artigo 5.3 dispón que *“no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitárase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”*.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas

distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específicas, destinou 27.000 euros para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse esta cantidade a 45.000 euros e aumentaron as entidades beneficiarias. Así, no ano 2022 foron 79 os clubs vixueses que se beneficiaron desta liña de subvencións.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2023 un crédito máximo de 45.000 euros que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento do Servizo de Igualdade aprobado para o ano 2023.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións.

## **BASES**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

O obxecto das subvencións ás que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase na contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas
- Viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús) das deportistas femininas ou dos equipos femininos nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación
- Inscricións en competicións e probas das deportistas ou dos equipos femininos
- Arbitrxes de competicións e probas das deportistas femininas
- Equipo técnico e deportivo adestrador das deportistas ou dos equipos femininos
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo





## Concello de Vigo

- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas ou dos equipos femininos
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese gasto fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións da Concellería de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2022/2023 ou 2023 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos obtidos das respectivas federacións e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o Servizo de Igualdade, no informe que se xuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña este Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento do Servizo de Igualdade aprobado para o ano 2023. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total das subvencións percibidas de distintas entidades públicas non poderá superar o custo da actividade subvencionada; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para os supostos de exceso de financiamento respecto do custo da actividade.

#### **QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS**

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Que conten cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que conten, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11<sup>a</sup>.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declarararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 6 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán toparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria nesta convocatoria non supera o importe de 3.000 euros, as solicitantes acreditarán que se topan ao corrente no cumprimento das



## Concello de Vigo

súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de forma simplificada mediante unha declaración responsable de acordo co disposto no artigo 24 do Real Decreto 887/2006. Esta declaración responsable está incluída no punto 5 do anexo IV da solicitude.

5.- Igualmente, as solicitantes deberán acreditar que se topan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

### **SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS**

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e na convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que se guen:

- 1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- 2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude e da documentación presentada, baixo a persoal responsabilidade da/s persoa/s que as subscriba/n.
- 3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.
- 5.- Responder legalmente do incumprimento das presentes bases.
- 6.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades subvencionadas.
- 7.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- 8.- Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización das actividades subvencionadas.
- 9.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a Comisión avaliadora, para efectuar a proposta de resolución, valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

**1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2022-2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual** Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bádmin-ton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bádmin-ton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias disciplinas deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 1.1 e 1.2, calcularase a puntuación que corresponda a cada disciplina e logo sumarse para acadar a puntuación total do apartado 1.

**2.- Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.** Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:



## Concello de Vigo

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bád-  
minton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos

2.2 Puntuación segundo o porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bádmin-  
ton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias disciplinas deportivas, se-  
xan do mesmo ou de distintos apartados 2.1 e 2.2, calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de  
cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calcularase a puntuación  
para cada deporte e despois sumárase para acadar a puntuación total do apartado 2.

A documentación que se terá en conta para facer o reconto de licenzas, así como para clasificar as  
modalidades deportivas, será o certificado emitido pola federación correspondente no que debe  
constar o número de licenzas desagregadas por categoría e sexo. Estes datos cotexaranse co anexo  
II da solicitude, que deberá achegarse asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e da entidade.  
No caso de que se atopen discrepancias entre os datos reflectidos nestes documentos, prevalecerá o  
certificado da federación deportiva, salvo erros materiais detectados.

**3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade.** Ata un máximo de  
5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

## **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS**

1. O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarias, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.
2. O importe total da convocatoria dividirase entre a suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos.
3. Establécese a contía de 200 euros como contía mínima da subvención a conceder. As entidades que, pola súa puntuación, non acaden unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas.
4. Establécese a contía de 1.500 euros como contía máxima da subvención a conceder. Por conseguinte, as entidades que, pola súa puntuación, acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.
5. No caso de quedar crédito libre, este repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos obtidos, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, o da contía solicitada pola entidade.

## **NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

## **DÉCIMA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida polas presentes bases, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e firma admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, é de 10 días hábiles que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

### DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Nesta convocatoria, cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada pola/o presidenta/e da entidade e reunir os requisitos esixidos nestas bases e na convocatoria.

A solicitude e a documentación complementaria correspondente presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e firma admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegarase debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda (art. 68.4 LPAC).

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo outorgado. A Comisión avaliadora non valorará as solicitudes de subvención que sexan presentadas con carácter extemporáneo e propondrá a súa denegación ao órgano competente.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos nas súas solicitudes.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación da solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- 1.- ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, solicitude asinada pola/o presidenta/e da entidade.
- 2.- ANEXO II CERTIFICADO DAS CATEGORÍAS E COMPETICIÓNS NAS QUE PARTICIPAN AS DEPORTISTAS da entidade, asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e. Deberán indicarse as licenzas de entidade que correspondan: a deportistas, ao persoal adestrador, ao persoal técnico e ao persoal delegado, e desagregarse todas elas por sexo e por categorías.

3.- ANEXO III ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS para o período de referencia (tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual), asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e.

O importe da previsión de ingresos e gastos que se reflecta neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedéndose a minorar a contía da axuda concedida cando se xustifique un gasto na tempada de referencia inferior ao 100% do orzamento indicado neste anexo. A axuda concedida sería entón minorada na mesma proporción.

4.- ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE, asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e.

5.- ANEXO V CERTIFICADO DA COMPOSICIÓN DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA, emitido pola/o secretaria/o da entidade, coa conformidade de quen ostente a presidencia da entidade, onde conste a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.

6.- Certificado/s emitido/s pola/s Federación/s de cada unha das disciplinas deportivas para as que se solicite a subvención no/s que conste o número de licenzas desagregadas por categoría e sexo na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

7.- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.

8.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante expedido no ano 2023.

9.- DNI da/o presidenta/e da entidade.

10.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc.).

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da Administración convocante, debe facerse constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

A Concellería de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.





## Concello de Vigo

### DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte o artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 68 da LPAC, se a solicitude achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos nas presentes bases, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación do requirimento, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

### DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

#### 1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes

A convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e na da Concellería de Igualdade ([www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)).

#### 2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remítanse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, enti-

dades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

### 3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Vigo (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc.).

### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima, a Comisión de avaliación avaliará as solicitudes de subvención presentadas. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira-delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas, funcionarias adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

O órgano instructor do procedemento poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña este Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e das entidades presentadas a esta convocatoria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión e denegación destas subvencións. O prazo máximo para a instrución e notificación da resolución expresa deste procedemento será de catro meses, contados desde o último día do prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello. A resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

Remítiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a notificación da resolución pola súa publicación na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado resolución expresa, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

A resolución da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias das axudas deben comunicarlle á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia á axuda no prazo máximo de 10 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola Administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

### **DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

#### *1.- Prazo de xustificación*

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar con data límite o **29 de setembro de 2023** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de que xustificación fora defectuosa e/ou incompleta, concederase á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Transcorrido o prazo sen atender ao

requirimento, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC, procederase á revogación da subvención concedida e, no seu caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos xuros de demora.

Conforme establece o artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, “transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan”.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

## *2.- Cantidade a xustificar*

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel por un importe que non poderá ser inferior á contía da subvención concedida. Ademais, deberá xustificar o custo total final do programa subvencionado mediante unha das seguintes opcións:

- a) Certificación que acredite que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de... € (punto 2 do anexo VI solicitude de pagamento), ou
- b) Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou
- c) Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado

Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de presentar a declaración do IVE, ou que se declare no anexo VI, apartado 7, que o importe do IVE das facturas que se presenten para xustificar a subvención concedida é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

## *3.- Sistema de xustificación e documentación necesaria*

A teor do disposto no art. 81 do Real Decreto 887/2006, establececese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan na Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) na xustificación das subvencións, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.



## Concello de Vigo

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) ANEXO VI SOLICITUDE DE PAGAMENTO, asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e da entidade. Coa sinatura deste anexo acredítanse, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando se declare un custo total inferior ao 100% do orzamento do proxecto que indicou a entidade no anexo III da súa solicitude de subvención, procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo
- Que a entidade está exenta ou non está exenta da obriga de presentar a declaración do IVE e, de ser o caso, que o importe do IVE das facturas que se presentan para xustificar a subvención concedida é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

b) ANEXO VII RELACIÓN DE FACTURAS ORIXINAIS PRESENTADAS IMPUTABLES Á AXUDA CONCEDIDA - CONTA XUSTIFICATIVA, asinado pola/o tesoureira/o e pola/o presidenta/e.

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar a subvención concedida, cuxo importe total non poderá ser inferior á contía da axuda, con identificación de cada unha das facturas relacionadas indicando número e data, nome e CIF/NIF do/a provedor/a, concepto, base impoñible e IVE.

c) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, que deben achegarse asinadas electronicamente pola/o representante legal da entidade.

As ditas facturas corresponderán a gastos que deben estar vinculados directamente coas actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas ou das deportistas individuais. Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a clasificación do anexo VII e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e, no seu caso, serie
- Nome e apelidos ou razón social da persoa física ou xurídica que emite a factura
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica que emite a factura

- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contra-prestación
- Lugar e data de emisión
- Denominación social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención

Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que se está exenta de presentar a declaración do IVE. As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do proxecto subvencionado na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, os resultados obtidos, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso..., valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, mencionando especialmente as actividades e logros realizados por mulleres e posibles necesidades detectadas).

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para equipamento, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. Neste caso achegaranse fotografías do dito equipamento.

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

#### 4.- Información complementaria

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos orixinais emitidos polas federacións ou pola propia entidade deportiva: certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das deportistas e do persoal técnico, etc. Estes documentos deberán recoller adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación coa xustificación do pagamento do uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos, sempre e cando este mesmo importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións da Concellería de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de



## Concello de Vigo

control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

En xeral, os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa á tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non terá que constar de forma expresa que eses gastos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado na convocatoria en atención á escasa contía das axudas que se conceden e á insuficiente capacidade económica da maior parte das entidades que concorren. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

### **DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **DÉCIMO OITAVA.- PAGAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o proxecto obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou á redución proporcional do importe da axuda nos seguintes casos:

- Cando se xustifique un custo total inferior ao 100 % do orzamento indicado pola entidade beneficiaria no anexo III da súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigos 17.3 da Lei 9/2007 e 19.3 da Lei 38/2003) .

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente por medio dunha declaración responsable ao abeiro do art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (punto 5 do anexo VI).

## **DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

### **1.- Perda do dereito ao cobro**

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e na convocatoria e, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31.5 da citada Lei).

Cando o incumprimento consista nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou a súa redución na mesma proporción. En todo caso, procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións**

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do Acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos casos do artigo 33 LSG, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño,





## Concello de Vigo

de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **VIXÉSIMA PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do

Concello de Vigo aprobadas para o ano 2023 e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2021-2023; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2022/2023 OU DO ANO 2023 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 12101/224

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais) coa finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico da Concellería de Igualdade/do Concello. Este apoio materializarase na contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 29 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, 3.b) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, 25.2.l) e o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80.2.n) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS**

As bases reguladoras desta convocatoria, tras a súa aprobación mediante Acordo da Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poden consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións, que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento do Servizo de Igualdade aprobado para o ano 2023. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



## Concello de Vigo

Este importe dividirase entre a suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos.

Establécense as contías de 200 euros e de 1.500 euros como contías mínima e máxima, respectivamente, da subvención a conceder a cada entidade beneficiaria. Por conseguinte, as entidades que, pola puntuación obtida na fase de valoración, non consigan unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas e as que acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

### **TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCÍONS**

O obxecto destas subvencións é promover o deporte feminino a través da contribución ao financiamento dos gastos dos clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais), durante a tempada deportiva 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

### **CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas
- Viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús) das deportistas femininas ou dos equipos femininos nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación
- Inscricións en competicións e probas das deportistas ou dos equipos femininos
- Arbitraxes de competicións e probas das deportistas femininas
- Equipo técnico e deportivo adestrador das deportistas ou dos equipos femininos
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo
- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas ou dos equipos femininos
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese gasto fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións da Concellería de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada.

#### **QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS**

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Que conten cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual. Exceptúase do mínimo de licenzas ás entidades que conten, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11<sup>a</sup>.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 6 do anexo IV da solicitude).



## Concello de Vigo

4.- As solicitantes deberán toparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria nesta convocatoria non supera o importe de 3.000 euros, as solicitantes acreditarán que se topan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de forma simplificada mediante unha declaración responsable de acordo co disposto no artigo 24 do Real Decreto 887/2006. Esta declaración responsable está incluída no punto 5 do anexo IV da solicitude.

5.- Igualmente, as solicitantes deberán acreditar que se topan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

### **SEXTA.- PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrência competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

### **SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Comisión de avaliación é o órgano colexiado que avaliará as solicitudes de subvención presentadas. Esta comisión está composta pola concelleira-delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas, funcionarias adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para conceder e denegar as axudas. O prazo máximo para a instrución e notificación da resolución expresa deste procedemento é de catro meses, contado desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello de Vigo. A resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación da

resolución na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

O Acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

#### **OITAVA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola presente convocatoria e as súas bases reguladoras, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e firma admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

#### **NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

Nesta convocatoria, cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada pola/o presidenta/e da entidade e reunir os requisitos esixidos nesta convocatoria e nas bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas mediante os modelos normalizados aprobados coas bases reguladoras, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Para a presentación da solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación:



## Concello de Vigo

- 1.- ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, asinado pola/o presidenta/e da entidade.
- 2.- ANEXO II CERTIFICADO DAS CATEGORÍAS E COMPETICIÓNS NAS QUE PARTICIPAN AS DEPORTISTAS, asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e. Deberán indicarse as licenzas da entidade que correspondan: a deportistas, ao persoal adestrador, ao persoal técnico e ao persoal delegado, e desagregarse todas elas por sexo e por categorías.
- 3.- ANEXO III ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS para o período de referencia (tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual), asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e.  
  
O importe da previsión de ingresos e gastos que se reflicta neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedéndose a minorar proporcionalmente a contía da axuda concedida cando se xustifique un gasto na tempada de referencia inferior ao 100% do orzamento indicado neste anexo.
- 4.- ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE, asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e.
- 5.- ANEXO V CERTIFICADO DA COMPOSICIÓN DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA, emitido pola/o secretaria/o da entidade, coa conformidade da/o presidenta/e, no conste a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.
- 6.- Certificado/s emitido/s pola/s Federación/s de cada unha das disciplinas deportivas para as que se solicita a subvención onde conste o número de licenzas da entidade na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, desagregadas por categoría e sexo.
- 7.- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- 8.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante con data de expedición do ano 2023.
- 9.- DNI da/o presidenta/e da entidade.
- 10.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc.).

### **DÉCIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a Comisión avaliadora, para efectuar a proposta de resolución, valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

**1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2022-2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual** Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bádmin-ton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bádmin-ton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias disciplinas deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 1.1 e 1.2, calcularase a puntuación que corresponda a cada disciplina e logo sumarase para acadar a puntuación total do apartado 1.

**2.- Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2022/2023 ou do ano 2023 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.** Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bád-minton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto





## Concello de Vigo

- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos

2.2 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bádmin-ton, golf, hípica, judo, karate, montaña, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias disciplinas deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 2.1 e 2.2, calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calcularase a puntuación para cada deporte e despois sumarse para acadar a puntuación total do apartado 2.

A documentación que se terá en conta para facer o recuento de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o certificado emitido pola federación correspondente no que debe constar o número de licenzas desagregadas por categoría e sexo. Estes datos cotexaranse co anexo II da solicitude, que deberá achegarse asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e da entidade. No caso de que se atopen discrepancias entre os datos reflectidos nestes documentos, prevalecerá o certificado da federación deportiva, salvo erros materiais detectados.

**3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade.** Ata un máximo de 5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE**

3.- Publicidade da convocatoria e das súas bases reguladoras

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, conforme establece o artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes

A convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e na da Concellería de Igualdade ([www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)).

#### 4.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

### **13(251).- PRÓRROGA TEMPORAL NA CESIÓN DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7. EXPTE. 11672/224.**

Dáse conta do informe-proposta de 03/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de "Vivendas tuteladas" ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm.:\*\*\*\*2234\* e dous menores, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2022.



## Concello de Vigo

Desde o día 18 de agosto de 2022 a dita unidade familiar permanece acollida temporalmente na vivenda de protección. A súa estancia na vivenda de protección está prorrogada ata o 17.04.2023 por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 09.02.2023 e 09.03.2023 a proposta do servizo municipal de atención ás mulleres.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto actualmente por unha avogada e unha traballadora social fai o seu seguimento xunto coa educadora familiar asignada.

Neste mes de abril a unidade familiar causará baixa na vivenda, se ben, no caso de que xurda un imprevisto que o dificulte, valórase necesario prorrogar a súa estancia na vivenda por un período non superior a un mes.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 por un período máximo de un mes de duración a contar desde o día 18 de abril de 2023 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11672/224.”

### **14(252).- PROPOSTA DE PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO DE ALCALDÍA. EXPTE. 1713/110.**

Visto o informe de fiscalización do 10/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/2023, asinado pola secretaria de Administración Municipal e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- Por Resolución da Concelleira delegada de area de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 8.11.2022 e conforme o informe de calendarización de data 4.03.2022 (expte 1690-110\_trámite 390) e nos termos da Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 3.11.2022 incoouse baixo a instrución da Secretaria de Administración Municipal os seguintes procedementos de provisión dos seguintes posto de traballo

- Xefatura do Departamento Administrativo de Alcaldía adscrito ao Gabinete de Alcaldía (1713-110)

2.- En data 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras para a provisión do posto de traballo da Xefatura do Departamento Administrativo de Alcaldía mediante o sistema de libre designación e a súa convocatorias.

3.- Trala publicación das bases no BOP núm 247 de data 28.12.2022, extracto de anuncio do DOG núm. 24 3.02.2023 publicouse no BOE núm. 39 de data 15.02.23 a convocatoria de provisión do posto e apertura do prazo de presentación de instancias que rematou o día 8.03.2023.

4.- Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 1713-110 presentouse a seguinte solicitude:

- LUZ MARIA GONZALEZ DOMINGUEZ con DNI 36087873E.

5.- En data 17.03.2023 requiriuse a aspirante LUZ MARIA GONZALEZ DOMINGUEZ a emenda da solicitude presentada no procedemento de provisión do posto de traballo da Xefatura do Departamento Administrativo de Alcaldía.

6.- En data 20.03.2023 (documento electrónico 230071869) Luz María González Domínguez achega a documentación requirida polo que procede a súa admisión no procedemento.

7.- En data 21.03.2023 por Resolución da Alcaldía designouse a Secretaria de Administración Municipal aos efectos da emisión do informe sinalado no artigo 54 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo en expediente de provisión do posto de traballo da Xefatura do Departamento Administrativo de Alcaldía.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa



## Concello de Vigo

- a) Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do emprego público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b) Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c) Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d) Regulamentos e ordenanzas locais.
- e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

#### **Primeiro.- Do postos de traballo obxecto de provisión**

O posto de traballo convocado, xefe/a do departamento administrativo da Alcaldía atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 188, do 30.09.2022 a cal establece a libre desiganción como sistema de provisión.

## **Segundo.- Da libre designación**

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

## **Terceiro.- Idoneidade dos candidatos**

Segundo consta no expediente (informe xeral de data 17.03.2023) a aspirante presentada, Luz María González Domínguez, acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na bases da convocatoria: funcionaria de carreira do Grupo A2 e acredita estar en posesión da solicitude requirida para o posto.

Segundo o esixido no artigo 54 o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, emitíuse en data 27.03.2023 por parte da Secretaria de Administración Municipal informe motivado en relación co posto convocado no que se especifican os criterios de interese xeral prioritarios para decidir o nomeamento como os méritos e capacidades que a candidata proposta reúne para o desempeño do posto de traballo e que literalmente dí

*“Segundo a memoria xustificativa da relación de traballo vixente o posto de Xefe/a departamento administrativo Alcaldía está integrado na estrutura administrativa do Gabinete da Alcaldía e ten asignadas funcións que para o Xefe de Unidade determina a guía de funcións. Así mesmo dito posto se configura como un elemento garante da continuidade no exercicio da administración ordinaria do Concello.*

*A especial confianza do posto deriva da xestión de información especialmente reservada do Concello en materia de actuacións de protocolo, cerimonial, axenda s da Alcaldía, en tanto que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción superior ao normal por xestionar información respecto das actividades da Alcaldía ao que asisten e do que dependen directamente.*



## Concello de Vigo

*Así mesmo, de conformidade coa Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2019-2023 vixente (resolución da Alcaldía de data 6.09.2022) o posto de Xefe/a departamento administrativo Alcaldía está adscrito á concellería delegada da área delegada de Seguridade, Contratación e Xestión municipal e conforme a resolución de delegación de competencias do Alcalde na concelleira de data 6.09.2019 lle corresponde o exercicio da totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.*

*Así mesmo a Xunta de Goberno Local en sesión de data 8.09.2022 delegou na concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.*

*O obxecto de valorar a idoneidade dos aspirante para o desempeño do posto considérase como criterios de interese xeral prioritarios os seguintes:*

- Experiencia en postos de Xefatura similares ao posto convocado (xefatura de Unidade)*
- Formación relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo*

*Analizada a documentación achegada pola única candidata presentada resulta o seguinte:*

*A candidata, Luz María González Domínguez foi nomeada funcionaria de carreira, con praza "técnica Actividades turísticas (Grupo A2) en data 1.04.1995. Así mesmo acredita o exercicio de postos de Xefatura de Unidade, concretamente exerceu postos de Xefatura do servizo de Festas"(Grupo A2), dende o 11/07/2012 o 13/03/2020, no servizo de Festas e, en réxime de comisión de servizo o posto de, "xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía" (Grupo A2), dende o 14/03/2020 o 13/03/2022 e dende o 15/04/2022 e ata a data da solicitude de servizos prestados, 26/02/2023". E por isto que a candidata amosa experiencia en postos de Xefatura da mesma tipoloxía o que implica experiencia no exercicio das funcións inherentes ao posto de traballo. Así mesmo acredita experiencia no posto de Xefatura obxecto de provisión o que implica o coñecemento dos expedientes e procedementos que se tramiten dende dito servizo*

*(convenios, contratos administrativos, xestión económico-financeira e administrativa dos procedementos., )*

*Respecto a formación a candidata acredita a realización de curso en materia de contratación do sector público e en materia de especialización en Xestión Pública Local, ambos cursos relacionados coas funcións inherentes ao posto de traballo.*

*Polo exposto, a vista da experiencia acreditada pola aspirante no desenvolvemento de postos de Xefatura de Unidade, e experiencia desenvolvida no posto obxecto de provisión e formación relacionada coas funcións a desenvolver no posto de traballo emítase informe de idoneidade para a provisión do posto de "xefe/a do departamento administrativo da Alcaldía, " en favor de Luz María González Domínguez:"*

A vista do informe propónse a adxudicación do posto de Xefa do departamento administrativo da Alcaldía a Dna. Luz María González Domínguez.

#### **CUARTO.- Do órgano competente**

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a Luz María González Domínguez con DNI \*\*\*8787\*\* o posto de Xefa do departamento administrativo da Alcaldía (referencia posto na RPT: 101010) adscrito ao Gabinete de Alcaldía.

**SEGUNDO.-** A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

**TERCEIRO.-** A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**CUARTO.-** Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións





## Concello de Vigo

públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(253).- APROBACIÓN DO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE OBRAS "REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN, RÚA ALTA Nº 23". EXPTE. 803/441.**

Visto o informe xurídico do 14/03/2023 e o informe de fiscalización do 10/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e polo concelleira-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **Antecedentes.**

1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.02.2021, adoptou o seguinte acordo: "*Aprobar o proxecto básico e de execución de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN EN RÚA ALTA Nº23", redactado polos Arquitectos Municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación incluído IVE de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS (693.360,00 €).*"

2º.- Con data do 31 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:entre outros, aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº23" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 12.03.2021.

3º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 08.07.2021, entre outros, adoptou o seguinte acordo: "*Adxudicar a ORECO S.A.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN EN RÚA ALTA Nº23" por un importe total, IVE incluído de 635.395,10 €.*" Dito contrato foi formalizado en data 13.07.2021.

4º.- En data 23.06.2021 o Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acordou aprobar o nomeamento coma titulares da Dirección Facultativa das obras de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN EN RÚA ALTA Nº23" aos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e á Aparelladora Municipal da Xerencia de Urbanismo DNA. RAQUEL LÓPEZ GONZÁLEZ". (Expte.5121/443).

5º.- En data 6 de agosto de 2021 asinase acta de comprobación de replanteo negativa. Posteriormente, en data 22 de novembro de 2021 asinase acta de comprobación de replanteo positiva, dando así comezo as obras. (Exp- te.5121/443).

6º.- En data 03.12.2021 asínase acta de paralización da obra atendendo ó disposto no Bando do Nadal, e considerando o emprazamento da obra e a necesidade de acceder á mesma a través das rúas e prazas máis transitadas do Casco Vello. Con data 11.01.2022 asínase acta de reinicio de obra nº1, unha vez concluído o período de vixencia das restricións de obras no ámbito segundo o indicado no Bando do Nadal. (Expte.5121/443).

7º.- En data 29.03.2022 asínase acta de paralización de obra nº2, motivada polo achado, no marco do control arqueolóxico previsto, de novos restos de canles de evacuación a maiores dos detectados nos sondeos previos, resultando preciso proceder á ampliación do contrato de traballos de control e dirección. En data 12.04.2022 asínase acta de reinicio de obra nº2, unha vez subsanadas as circunstancias relativas ó control arqueolóxico que motivaron a paralización.(Expte.5121/443).

8º.- En data 17.08.2022 a dirección facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto básico e de execución.

Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 18.08.2022, resolveu aprobar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN EN RÚA ALTA Nº23".

9º.- Con data 29.08.2022: asínase acta de paralización de obra nº3 ante a necesidade de modificación e incorporación de partidas non contempladas no proxecto, necesarias para a execución da obra.

10º.- Pola dirección facultativa da obra en data 20.12.2022 emítase informe técnico xustificativo do proxecto modificado nº1 das obras "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN EN RÚA ALTA Nº23", e que consta no expediente, no que se describen as modificacións propostas no proxecto modificado nº1:

"(...)

## **II.- MODIFICACIÓNS**

*Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado nº 1.*

### **II.1.- Modificacións derivadas do estado actual das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.**

*- Unha vez iniciada a obra e comprobado o estado das medianeiras de pedra compartidas co edificio lindante, situado no nº 21 da rúa Alta, considérase necesario estudar a inclusión dun sistema de estabilización das mesmas perante a execución das obras, que permita garanti-la seguridade das edificacións lindantes durante o proceso de execución da rehabilitación do inmoble de titularidade municipal.*

*En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:*

- *Capítulo 01. Movements de terra e traballos previos*

*- A práctica totalidade dos sillares de pedra correspondentes á fachada que da fronte á Praza de Pescadores atopábase acopiada e apilada na parcela, sendo retirados con grúa unha vez iniciada a obra. Nese momento pode chequearse o estado que presentan as pezas, comprobándose que a meirande parte das mesmas presentan unha capa de protección asfáltica na súa cara vista, o que condiciona a imaxe final da obra de rehabilitación. Esta circunstancia, non contemplada no proxecto orixinal, fai preciso estudar un tratamento axeitado da totalidade*



## Concello de Vigo

das pezas de pedra e do perfil metálico que serve de apoio ás mesmas, para acadar un acabado homoxéneo e á vez garanti-la súa impermeabilidade e durabilidade, incrementando en consecuencia o tempo dos traballos con necesidade de andamiaxe.

Compróbase ademais que as pezas de pedra existentes correspondentes ó remate superior da fachada non se adaptan á xeometría de cuberta reformada, resultando necesario completa-la fábrica de pedra na súa coroación con pezas novas adaptadas ó novo trazado.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 07. Cantería
- Capítulo 12. Pinturas
- Capítulo 25. Seguridade e saúde

- Unha vez demolidos os tapiados dos ocos correspondentes á fachada cara a rúa Alta e tra-la reconstrución da fachada que dará fronte á Pza. de Pescadores, compróbase que a fábrica pétreo presenta numerosas imperfeccións e roturas no perímetro dos ocos, mesmo con perdas de material, imposibilitando a correcta instalación das novas carpinterías. Esta circunstancia fai precisa a regularización e restauración do perímetro dos ocos con morteiro, de xeito que se acade unha superficie continua e sen imperfeccións, para garantir o selado das carpinterías e a súa estanqueidade fronte a auga de chuvia.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 08. Albanelería

- Unha vez iniciados os traballos de escavación, compróbase a existencia de zonas no subsolo con afloramentos rochosos, cuestión non prevista no proxecto por non ser detectada no estudio xeotécnico realizado. Resulta preciso executar o picado deses treitos con martelo percutor ata acadar a cota de cimentación necesaria para a execución dos alicerces previstos en proxecto.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 01. Movementos de terra e traballos previos

- Perante os traballos de montaxe dos elementos de pedra que conforman os balcóns cara á rúa Alta compróbase que o volume do seu contrapeso cara ó interior interfere co armado do nervio de borde da lousa de formigón que conforma o nivel de piso dos niveis 1º e 2º, resultando necesaria a adaptación destas pezas e o cosido con varillas entre estes elementos.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 07. Cantería

### **II.2.- Modificacións derivadas da aparición de construcións soterradas e estado actual das instalacións existentes distintas das recollidas no proxecto**

- Con relación ás intervencións arqueolóxicas no ámbito, a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de 30 de novembro de 2020 condicionaba o inicio das obras á realización do control arqueolóxico correspondente, traballos que foron contratados xunto á dirección arqueolóxica necesaria á empresa VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L.. Perante a execución destas labores de control foron descubertos novos restos de canles de evacuación a maiores dos detectados nas sondaxes previas, polo que de acordo cas pautas de preservación ditaminadas resulta necesaria a posta a disposición do equipo de arqueólogos dos medios precisos para a execución dos traballos de escavación, contención de frontes de escavación, protección dos restos e tapado dos mesmos baixo a súa supervisión e control. A

execución destes traballos non se atopa contemplada no proxecto aprobado, resultando necesaria a incorporación dunha nova partida para a súa execución.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 01. Movementos de terra e traballos previos

- O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo contempla a protección de dúas portas de madeira da planta baixa da fachada do edificio cara á rúa Alta. Atendendo a esta condición, o proxecto proxectaba a conservación das mesmas, incidindo en que o seu estado de conservación implicaría posiblemente a substitución de gran parte das súas pezas. Unha vez iniciados os traballos e desmontados estes elementos, compróbase que o estado de degradación das follas e marcos imposibilita casqueira tipo de actuación de restauración, resultando necesario executar unhas novas follas de carpintería de madeira reproducindo unha copia precisa das orixinais.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 10. Madeira e acristalamento

- Unha vez requiridas ás empresas subministradoras as condicións de conexión a través dos servizos existentes a pé de parcela, determínase que as limitacións da instalación condicionan a súa conectividade con sistemas de control centralizados, polo que resulta improcedente a instalación de cámaras para gravación de imaxe. A seguridade do inmovible queda garantida polos sistemas de detección e alarma previstos.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 21. Instalación de seguridade

### **II.3.- Modificacións non substancias derivadas da recuperación de elementos con protección patrimonial segundo as determinacións do PEPRI Casco Vello, e da dilación no tempo do proceso expropiatorio da propiedade lindante cara á Pza. de Pescadores**

- O citado PEPRI Casco Vello contempla a protección integral das varandas de forxa dos balcóns do primeiro andar da fachada do edificio cara a rúa Alta. Na data de redacción do proxecto non resultou viable propoñer esta recuperación, xa que non se conta cas pezas orixinais para a súa restauración nin existía dispoñibilidade de elementos similares que puideran substituír ás mesmas, polo que se tivo que optar pola construción e instalación de novas varandas resoltas con pletina de aceiro macizo. Con todo, perante o transcurso da obra se teñen localizado varandas semellantes ás orixinais, procedentes de derrubas de edificacións do mesmo período temporal, o que posibilita a súa instalación executando traballos de adaptación dimensional e restauración integral. Esta circunstancia, non contemplada en proxecto, permite recuperar con precisión e fidelidade a imaxe da edificación orixinal, dando cumprimento ás consideracións de protección do patrimonio edificado contempladas no planeamento.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 11. Cerraxería

- As previsións dos prazos do proceso expropiatorio da propiedade lindante cara á Pza. de Pescadores (Exp.1988/433), integrada na Área Dotacional AD-9 obxecto da intervención, fixeron preciso incorporar ó proxecto determinadas partidas para resolver o encontro e transición da edificación con este ámbito, unha vez fora demolida a edificación existente e urbanizado o espazo que dará acceso ó centro de formación dende a citada Praza. Este proceso se ten



## Concello de Vigo

dilatado por cuestións administrativas, polo que na actualidade aínda non se conta ca citada propiedade, non procedendo polo tanto a execución dos traballos de encontro e continuidade previstos (demolición, pavimentación, escaleiras de enlace), que deberán ser recollidos polo citado proxecto de urbanización.

En consecuencia, xorden as seguintes modificacións:

- Capítulo 01. Movementos de terra e traballos previos
- Capítulo 07. Cantería

“

De do cal se extrae o seguinte resúmen cuantitativo:

“(…)

O conxunto de modificacións propostas neste expediente, así como as variacións de unidade do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, resúmense nas táboas seguintes en base ao exposto anteriormente:

Presupuesto		Proxecto	Modificado Nº1	Var. Medic. Art 242.4i	Modif Art 205	Modif Art 204	Diferencia
Código	Resumen	Importe	Importe	Importe	Importe	Importe	Importe
01	MOV. TIERRA Y TRABAJOS PREVIOS	7.449,80	57.386,22	266,46	43.496,26	6.173,70	49.936,42
02	CIMENTACION	17.379,31	21.001,22	3.621,91	0,00	0,00	3.621,91
03	ESTRUCTURA HORMIGÓN	25.110,87	25.110,87	0,00	0,00	0,00	0,00
04	ESTRUCTURA METÁLICA	17.110,81	20.396,16	3.285,35	0,00	0,00	3.285,35
05	SANEAMIENTO Y EVACUACIÓN DE AGUAS	4.337,76	4.337,76	0,00	0,00	0,00	0,00
06	CUBIERTAS	22.586,85	25.683,87	3.097,02	0,00	0,00	3.097,02
07	CANTERÍA	26.891,68	41.999,55	792,78	-820,38	15.135,47	15.107,87
08	ALBAÑILERÍA	58.113,04	69.582,31	10.199,27	1.270,00	0,00	11.469,27
09	PAVIMENTOS, REVEST. Y FALSOS TECHOS	25.350,16	29.359,70	4.009,54	0,00	0,00	4.009,54
10	CARPINTERÍA MADERA Y ACRISTALAM.	69.877,45	71.609,96	-7.363,08	9.095,59	0,00	1.732,51
11	CERRAJERÍA	8.051,84	19.422,47	-1.400,26	12.770,89	0,00	11.370,63
12	PINTURAS	6.714,41	7.972,00	0,00	0,00	1.257,59	1.257,59
13	SISTEMAS DE ELEVACIÓN	20.196,00	20.196,00	0,00	0,00	0,00	0,00
14	INSTALACIÓN DE FONTANERÍA	1.557,13	1.557,13	0,00	0,00	0,00	0,00
15	INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN	20.131,59	20.131,59	0,00	0,00	0,00	0,00
16	INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN	22.692,56	22.692,56	0,00	0,00	0,00	0,00
17	INSTALACIÓN ELÉCTRICA	33.561,52	33.561,52	0,00	0,00	0,00	0,00
18	INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN	10.277,83	10.277,83	0,00	0,00	0,00	0,00
19	INSTALACIÓN DE TELECOMUNICACIONES	8.252,64	8.252,64	0,00	0,00	0,00	0,00
20	INSTALACIÓN PROT. CONTRA INCENDIOS	2.632,10	2.632,10	0,00	0,00	0,00	0,00
21	INSTALACIÓN DE SEGURIDAD	3.021,25	1.686,01	0,00	0,00	-1.335,24	-1.335,24
22	APARATOS SANITARIOS Y GRIFERIA	7.700,25	7.700,25	0,00	0,00	0,00	0,00
23	MOBILIARIO Y SEÑALÉTICA	50.678,38	50.678,38	0,00	0,00	0,00	0,00
24	GESTIÓN DE RESIDUOS	2.968,95	2.968,95	0,00	0,00	0,00	0,00
25	SEGURIDAD Y SALUD	8.889,25	12.166,85	0,00	0,00	3.277,60	3.277,60
PRESUPOSTO EXECUCION MATERIAL		481.533,43	588.363,90	16.508,99	65.812,36	24.509,12	106.830,47
13% GASTOS XERAIS		62.599,35	76.487,31	2.146,17	8.555,61	3.186,18	13.887,96
6% BENEFICIO INDUSTRIAL		28.892,01	35.301,83	990,54	3.948,74	1.470,54	6.409,82
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN		573.024,79 €	700.153,04 €	19.645,70 €	78.316,71 €	29.165,84 €	127.128,25 €
21% IVE		120.335,21 €	147.032,14 €	4.125,60 €	16.446,51 €	6.124,83 €	26.696,93 €
PRESUPOSTO BASE DE LICITACION + IVE		693.360,00 €	847.185,18 €	23.771,30 €	94.763,22 €	35.290,67 €	153.825,18 €
8,36% BAIXA ADXUDICACIÓN		57.964,90 €	70.824,68 €	1.987,28 €	7.922,21 €	2.950,30 €	12.859,78 €
IMPORTE LÍQUIDO GLOBAL CONTRACTUAL		635.395,10 €	776.360,50 €	21.784,02 €	86.841,01 €	32.340,37 €	140.965,40 €
Porcentaje incremento %			22,19	3,43	13,67	5,09	

As variacións recollidas no presente modificado nº1 son debidas a modificacións que atenden ás circunstancias recollidas nas FEC - modificacións dos apartados II.1, II.2- e modificacións non previstas non substanciais -modificación do apartado II.3-, así como a variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.”

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

Respecto á xustificación do interese público, a dirección facultativa argumenta no seu informe técnico no apartado VIII CONCLUSIÓN o seguinte:

*“Ten que sinalarse que o conxunto de modificacións propostas, descritas polo miúdo no apartado II. Modificacións, resulta preciso para a correcta finalización da obra en execución, sendo o obxectivo das mesmas posibilitar a posta en funcionamento do Centro de formación proxectado coma dotación pública:*

*- As modificacións derivadas do estado actual das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes, ou ben da aparición de construcións soterradas e do estado actual das instalacións existentes distintas das recollidas no proxecto (apartados II.1 e II.2) resultan de interese público dado que a súa incorporación ó proxecto consitúe unha adecuación necesaria para completa-lo proceso constructivo da obra nas condicións de seguridade, habitabilidade e accesibilidade esixibles.*

*- Do mesmo xeito, as modificacións non sustanciais indicadas no apartado II.3, referidas á recuperación de elementos patrimoniais e á adecuación as circunstancias derivadas da dilación temporal do proceso expropiatorio da propiedade lindante cara á Pza. de Pescadores, constitúen actuacións de interese público en tanto que permitirán a recuperación de elementos de valor patrimonial nos termos contemplados polo planeamento urbanístico, así coma a resolución dos encontros da obra con espazos non urbanizados nos termos previstos inicialmente, posibilitando deste xeito a posta en funcionamento do inmovible coma Centro de Formación sen depender de outras actuacións.”*

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 31 de marzo de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:



## Concello de Vigo

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas cos movementos de terra e traballos previos; cimentación; estrutura de formigón e metálica; saneamento e evacuación de augas; cubertas; cantería; albanelería; pavimentos; revestimentos e falsos teitos; carpintería de madeira e acristalamento; ferraxería; pinturas; sistemas de elevación; instalacións de fontanería, ventilación, climatización, eléctrica, iluminación, telecomunicacións, protección contra incendios e seguridade; aparatos sanitarios e billería; mobiliario e sinalética; xestión de residuos; e seguridade e saúde.
- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto
  - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

Neste caso que nos ocupa, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de 32.340,37 euros, supoñendo o 5,09% do prezo do contrato.

**IV.-** Asemade, en relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

- 1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

Tal e como se indica no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, en relación ao importe das novas unidades de obra que é necesario introducir, as mesmas representa o 14,98% do orzamento inicial do contrato:

<b>Rua Alta 23</b>			<b>PREZOS NOVOS MODIFICACIÓNS ART.205</b>		
<b>Código</b>	<b>Ud</b>	<b>Resumen</b>	<b>Cantidade</b>	<b>Prezo</b>	<b>Importe</b>
01,09	ud	ESTABILIZACIÓN DE MEDIANERAS	2,00	16.861,50	33.723,00
01,10	m2	PICADO Y SANEADO DE MEDIANERAS	115,37	46,89	5.409,70
01,11	ud	AYUDAS AL ARQUEOLOGO	1,00	4.898,68	4.898,68
08,20	u	REMATES EN HUECOS DE PIEDRA	1,00	1.270,00	1.270,00
10,20	ud	REPRODUCCION PUERTA PRINCIPAL ENTRADA	2,00	6.096,37	12.192,74
11,08	m	BARANDILLA FORJA ARTÍSTICA MANUAL	15,00	977,41	14.661,15
IMPORTE TOTAL PREZOS NOVOS					72.155,27
PRESUPUESTO EXECUCIÓN MATERIAL PROXECTO ORIXINAL					481.533,43
% IMP. TOTAL PREZOS NOVOS SOBRE PEM ORIXINAL					14,98

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

Neste outro caso, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións non previstas a tenor do disposto no artigo 205.2 c) da LCSP ascenden a un total de 86.841,01 euros, supoñendo o 13,67% do prezo do contrato.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

**V.-** As circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.1 e II.2 descritas no informe técnico da dirección facultativa, atópanse previstas no apartado 6 das FEC do Pregos de Cláusulas Administrativas do contrato. Porén, nalgúns casos, ditas modificacións obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, afectando ós capítulos :

- Capítulo 01. Movements de terra e traballos previos





## Concello de Vigo

- Capítulo 08. Albanelería
- Capítulo 10. Carpintería de madeira e acristalamento

Polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, senón que encádranse no apartado c) do punto 2 do artigo 205, limitándose a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Respecto as circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.3 do informe técnico da dirección facultativa, encádranse nas modificacións non previstas non PCAP - modificacións non substanciais- e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para garantir o cumprimento das consideracións de protección do patrimonio edificado contempladas polo planeamento en vigor así como as derivadas da dilación no tempo do proceso expropiatorio da propiedade lindante cara á Pza. de Pescadores, polo que ditas modificacións expostas non son substanciais, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

<sup>(1)</sup>A este respecto cabe subliñar que xa no proxecto orixinal indicábase no apartado de cumprimento da normativa urbanística, que o planeamento vixente (P.E.P.R.I. CASCO VELLO) contemplaba a recuperación de varandas e/ou carpinterías exteriores orixinais, e que nese intre non se dispoñía das varandas orixinais polo que se proxectou a construción e instalación de novas varandas de aceiro para os balcóns existentes na primeira planta do inmoble.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

En consecuencia, tal e como se indica nos fundamentos xurídicos, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 204 e 205.2.c) da LCSP.

Axúntase táboa resume das modificacións propostas para a súa mellor comprensión:

	P.E.M.	P.LÍQUIDO	%
<b>MODIFICACIONES art. 204 LSCP (modificacións previstas no PCAP)</b>	24.509,12 €	32.340,37 €	5,09 %
<b>MODIFICACIONES art. 205 LSCP (modificacións non previstas no PCAP por introducción de novos prezos)</b>	53.041,47 €	69.989,51 €	11,02 %
<b>MODIFICACIONES art. 205 LSCP (modificacións non substanciais)</b>	12.770,89 €	16.851,50 €	2,65 %
<b>VARIACIONES DE MEDICIÓN art. 242.4i LSCP</b>	16.508,99 €	21.784,02 €	3,43 %
<b>TOTAL</b>	<b>106.830,47 €</b>	<b>140.965,40 €</b>	

**VI.-** Respecto á ampliación de prazo de tres meses solicitada pola Dirección Facultativa para a execución das actuacións proxectadas, cabe indicar que o PCAP que rexe o presente expediente de contratación recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.

Neste caso que nos ocupa, o prazo de execución é de 8 meses (Apartado 4 das FEC), contados a partir do 22.11.2022, que se corresponde coa data da sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva.

Tendo en conta as distintas incidencias xurdidas durante a execución temporal das devanditas obras, tal e como se recolle no informe xeral de prazos emitido pola dirección facultativa en data 07.02.2023, o prazo de execución da obras atópase vixente, polo que en consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por (3) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa.

**VII.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

- Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
- Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

- 1 Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
- 2 Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumplan os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:



## Concello de Vigo

- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**VIII.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**IX.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**X.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18 de agosto de 2022, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia aos redactores do proxecto, que neste caso conforman a propia dirección facultativa das devanditas obras, consta audiencia sen que se formulara, en data 15.12.2022, consideracións ao mesmo. (Trámites 448 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación (proxecto modificado e informe da dirección facultativa) e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 15.12.2022.(Trámites 444, 446 e 447 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 30.01.2023.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas

(en diante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que as modificacións non previstas non superan o 20% do prezo inicial do contrato, nin o seu prezo a contía de 6.000.000 euros.

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**XI.-** Proceda elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**1º.-** Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN, RÚA ALTA Nº 23 ”** redactado polos Arquitectos Municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, o que supón unha importe líquido de **140.965,40 €**, supoñendo un 5,09 % (32.340,37 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 13,67 % (86.841,01 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP e un 3,43 % (21.784,02 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

**2º.-** Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 2310 632 00 11, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

**3º.-** Autorizar a ampliación do prazo da obra en 3 MESES.

**4º.-** Instar á mercantil ORECO S.A. adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

**5º.-** Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Participación do Concello de Vigo na 2ª convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación o rehabilitación de contornas saudables no marco do PRTR. Expte. 1517/441.
- .- Proposta para a aceptación da proposta de subvención ó Concello de Vigo no marco da “Convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, de acordo coa orde tma/178/2022, de 28 de febreiro de 2022 publicada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana – Liña 2. Expte. 1295/441.
- .- Participación do Concello de Vigo na convocatoria para o ano 2023 da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do PRTR. Expte. 1675/441.
- .- Modificación de crédito financiada co recurso financeiro RLTGG/2022. Expte. 9705/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**16(254).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA 2ª CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE**

## **ACCIONES DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A TRAVÉS DA CREACIÓN O REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PRTR. EXPTE. 1517/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/04/2023, asinado pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, o xefe de Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e pola concelleira-delegada de Economía e Fondos Europeos, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES:**

#### **a.- ASPECTOS XERAIS DA CONVOCATORIA:**

Con data 21 de novembro de 2022, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) publicou na páxina web da Rede Española de Cidades Sustentables (<https://recs.es>) a “Segunda Convocatoria de Axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación e rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”.

As axudas defínense en aplicación do Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa de unha subvención a a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, en o marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Estas axudas están destinadas a proxectos que executen as Entidades Locais para a creación ou rehabilitación de espazos saudables e contribúen a alcanzar os obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Panca VI, Compoñente 18, Investimento 2 (C18.I2), financiado co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Así mesmo, perséguese que os proxectos participen no logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 11.6, 11.7, 3.4 e 3.9 recollidos na Axenda 2030.

O obxecto destas axudas é que as entidades locais realicen investimentos dirixidos a promover cambios e melloras nas infraestruturas de espazos saudables das que gozan os cidadáns.

Os obxectivos destes proxectos son a creación ou rehabilitación de contornas saudables como poden ser:

- a) Infraestruturas para a realización de actividade física ao aire libre, tanto funcional como recreativa.
- b) Infraestruturas de fomento do uso da bicicleta que, en ningún caso, mingüen o



## Concello de Vigo

espazo destinado ao uso peonil.

- c) Rutas ou circuítos saudables, seguros e accesibles.
- d) Investimentos asimilables de creación de espazos saudables que potencien a actividade física e a saúde, así como actuacións de reorganización da repartición do espazo público a favor de camiñar e ir en bicicleta e en detrimento do vehículo motorizado privado.

Entre estes investimentos atópanse a ampliación de beirarrúas, a creación de zonas de xogo ao aire libre, camiños escolares seguros ou outras actuacións enmarcadas no urbanismo táctico.

- e) Actuacións para a promoción de estilos de vida saudables na infancia e a adolescencia, como o deseño de itinerarios seguros a pé e en bicicleta, a creación de espazos peonís e de xogo activo seguro ou o acougado de tráfico nos arredores de centros escolares.

### **b.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2022, entre outros asuntos acordou a aprobación da “PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA SEGUNDA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A través da CREACIÓN Ou REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”, de acordo co contido do Expte. 1517/441.

### **c.- RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PRTR. C18.I2.**

Con data 30 de Marzo de 2023, o Secretario Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) resolve provisionalmente a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables convocadas pola FEMP no marco do PRTR. (C.18.I.2.) ás Entidades Locais reflectidas no Anexo I SOLICITUDES APTAS, as cales se determinan a achega asignada a cada proxecto.

No Anexo I- SOLICITUDES APTAS, figura o Concello de Vigo - N.º Expediente 2023-98, Título Proxecto: Humanización Rúa Romil, cun importe da axuda de 700.000,00 €.

A citada resolución establece un prazo máximo de 15 días naturais desde o día seguinte á comunicación de resolución individual, tal e como se establece no artigo 16.5 das Bases Reguladoras da Convocatoria, para achegar carta de aceptación ou de renuncia da axuda.

## **II.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DEL A RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A través da CREACIÓN Ou REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES.**

Á vista dos antecedentes descritos e tendo en conta o deber que se deriva da resolución provisional pola que se concede ao Concello de Vigo unha subvención de 700.000,00 € para a Humanización da Rúa Romil, presentado á citada convocatoria, debese proceder de acordo co modelo de aceptación da subvención concedida, no cal debese cumprir cos seguintes apartados:

- Aceptar a subvención proposta de conformidade ás condicións establecidas na resolución provisional e tal como establécese no artigo 16.5 das Bases Reguladoras desta Convocatoria, que inclúe a achega dunha carta de aceptación ou renuncia desta axuda no prazo máximo de 15 días naturais desde o día seguinte á comunicación da resolución.
- Que en cumprimento co sinalado no artigo 6 *“Reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses”*, da Orde HPF/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a entidade beneficiaria disporá dun «Plan de medidas antifraude», nos termos sinalados en dita Orde, o cal lle permitirá garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.
- Que en cumprimento do sinalado no artigo 2 *“Principios de xestión específicos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”*, da Orde HPF/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a entidade beneficiaria deberá realizar unha avaliación do desempeño nos termos sinalados na citada Orde.
- Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orde da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións e, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como por toda a normativa que o desenvolve.
- Cumprir coas obrigacións relativas ao procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público de aplicación para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de





## Concello de Vigo

